

o boletín

O primeiro boletín de información sindical de SSCC. Dende 1988 reivindicando os dereitos das traballadoras e traballadores públicos.

esta Edición:

Editorial:

- Votar non vale para nada... 1

En destaque :

- A CIG na Xunta de Persoal 2
- O que defendemos 3

A contra:

- Candidatura da CIG 4

SAN CAETANO

Tel. 981 545 909 /
985 / 987

Fax 981 54 59 91

SAN LÁZARO

Tel. 881 99 72 90


cig.sccc@gmail.com

<http://facebook.com/CIGSanCaetano>

TAMÉN EN:
cigsancaetano.
blogspot.com

DEPÓSITO LEGAL:
C / 1444 - 2013

11 DE ABRIL - ELECCIÓN PERSOAL FUNCIONARIO EN SERVIZOS CENTRAIS



Esta debera ser a única porta de entrada na Función Pública

Votar non vale para nada...

Non votar; iso é o que fixeron 6 de cada 10 funcionarias e funcionarios dos Servizos Centrais da Xunta de Galiza vai 4 anos nas eleccións da anterior Xunta de Persoal. Pero non, o **único que non serve para nada é non facer absolutamente nada**; agardar no noso posto de traballo que os nosos dereitos nolos agasallen, igual que nolos quitan, os cargos políticos ou que nolos defenda quen di “éche o que hai” ou aquelas persoas que só van mirar polo seu.

A nosa candidatura é unha **candidatura plural, transversal, de unidade de todo o persoal funcionario**. E como tal candidatura buscamos un acceso a Función Pública seguindo os principios de igualdade, mérito e capacidade. Buscamos mirar polos nosos dereitos, si, os de todo o persoal funcionario, porque só desde a unidade se vai conseguir a súa permanencia no tempo. Máis non só basta con mirar polos nosos dereitos senón dignificar a nosa profesión e procurar uns servizos públicos galegos de calidade. Cómpre non esquecer que a nosa dignidade nunca será recortable.

Nunha Administración caciquil coma a nosa precisamos un sindicato combativo, sen complexos, que poña luz nos despachos escuros onde se *mercadea* coa nosa carreira profesional ou coa funcionarización, por exemplo. **O noso aval é a nosa xente**, a súa experiencia, o traballo destes últimos anos, a realidade de que a CIG resolve, a realidade de que a CIG mete caña e de que na CIG todo o persoal funcionario importa. E isto é así e seguirá sendo porque a maioría así o queredes e o demostrades co voso apoio. Achega, queixate, indígnate, protesta, **mobilízate e vota**.

VOTA Á CIG, O VOTO QUE VALE

A CIG NA XUNTA DE PERSOAL

Nas eleccións de 2015 a CIG obtivo o voto maioritario do persoal funcionario con 11 delegadas/os, CCOO 5, CSIF 5 e UXT 4. Así, asumimos os cargos da presidencia e gran parte do tempo tamén a secretaría. Toca agora dar contas do que fixemos cada organización sindical, a CIG faíno. Levamos adiante pola nosa iniciativa temas como a:

- Resolución da problemática do Rexistro xeral (resultando finalmente o cese da responsable).
- Reclamación do pagamento das baixas de MUFACE a partir do día 90. (solucionado o pagamento)
- Seguimento das obras de San Caetano (reclamadas pola CIG dende hai anos).
- Queixas á Valedora do Pobo pola inexistencia de negociacións reais nas RPT
- Cumprimento de medicións de Radón en todos os edificios públicos (compromiso xa)
- Ampliación das condicións da flexibilidade laboral.
- Denuncia das privatizacións de servizos públicos (p.ex. persoal arqueólogo).
- Esixencia de datos sobre as asistencia técnicas e asunción de responsabilidades; nin contestan, porén na Consellería de Mar recuaron e mandaron dous traballadores de Tragsa para a súa empresa; insistimos


en Medio Ambiente, Medio Rural e Augas.

- Denuncias de comisións de servizo ilegais (algunhas puidémolas arranxar outras nolas esconden). Ante isto a CIG está en fase de denuncia das comisións irregulares, tendo gañado xa varias sentenzas.


Ao mesmo tempo fixemos máis de 50 escritos varios de queixas e reclamacións relacionadas co: arranxo de ascensores, instalacións en mal estado, uso inadecuado de vehículos, programa Morfeo, conciliación, xubilacións etc; tamén levamos adiante gran parte dos informes de flexibilización.

Elaboramos diversos manifestos de apoio en temas xerais como foron a folga do 8M, a folga do persoal de xustiza, a loita do persoal laboral polo recorte do V convenio, rexeitamento da carreira profesional, defensa da liberdade de expresión e derogación da Lei Mordaza. (agora cada vez que nos concentramos dentro do recinto nos desaloxan),.

Tamén dende a CIG fixemos propostas de servizos centrais para as Mesas xerais, onde se da a "suposta negociación" coa Administración, para levar demandas como a convocatoria inmediata de concursos, promocións internas axeitadas, estruturas racionais de departamentos, alegacións para RPT... Ante a pregunta **que fan as nosas delegadas e delegados? Nestes gráficos tedes a resposta:**



Entre abril de 2017 e abril de 2019 desenvolvéronse 17 sesións da Comisión Permanente da XXPP, onde a CIG sempre asistiu e **presentou propostas**; ás veces cáseque en exclusiva....



Estes 4 anos saíron da XXPP 85 actuacións concretas de traballo, das que o 80% (64) foron a proposta e elaboración da CIG. Podémolo facer ben, regular ou mal, pero o **traballo** non hai que nolo discuta.

PRINCIPIOS QUE A CIG VAI DEFENDER NA XUNTA DE PERSOAL

- **Carreira profesional** universal. Asinamos a do SerGas e o do Concello de Compostela porque son acordos moito mellores que a que temos na Xunta. Queremos reparto equitativo nas contías e tamén no cobro, que contemple ao persoal interino. É un avance pero ten que ser moito mellor. A CIG levou ao xulgado este tema.
- **Acordo de modernización da administración galega:** Fronte aos acordos de despacho, a CIG presenta un plan para saír da crise perpetua do emprego público: taxas de reposición realistas, pirámide recursos humanos non invertida, recuperación do poder adquisitivo perdido, suba salarial co IPC, medidas de conciliación, concursos permanentes, reciprocidade na mobilidade interadministrativa, única porta de entrada na Función Pública, rematar co enchufismo...
- **Promoción interna SI, Putadas eternas NON.** Tratar con dignidade ao persoal funcionario consiste en convocar promocións internas cun número de prazas amplo que chegue ao 50% das vacantes, como mínimo. Batería de preguntas, temarios da EGAP vinculantes, cursos de preparación na EGAP de calidade.
- **Concurso de traslados permanente.** Menos discursos e máis concursos. Isto minimizaría o **mercado negro das comisións de servizo**, que se teñen que adjudicar cun baremo obxectivo e ser pública a súa resolución. A CIG levou ao xulgado este tema.
- **Asistencias técnicas:** Esixencia de responsabilidades legais polas sentenzas de cesión ilegal. Convocatoria na seguinte oferta de emprego público polo sistema regulamentario establecido. Augas de Galiza acaba de crear 13 prazas de persoal indefinido, case todas grupo I. Menos sentenzas e máis Silleda.
- **Medidas de conciliación familiar:** consideración da atención de enfermidade de menores e maiores a cargo como permiso por deber inescusable; flexibilidade e teletraballo recollidos nas RPT en función do posto, non da persoa; impulso do teletraballo en todos os postos en consonancia coa implantación da Administración electrónica; que a flexibilidade se manteña até a finalización do curso escolar no que a/o menor cumpra 14 anos; comisións de servizo específicas para casos de necesidades familiares.

- **Outras propostas:**

⇒ Levamos anos reclamando que se analice o **Radón** na Xunta; temos unha chea de edificios vellos e tendentes a emitir este gas nos Servizos Centrais.

⇒ Seguimos solicitando unha sala **de repouso e lactación** en San Caetano e San Lázaro, **escola infantil** integrada na ampliación do novo edificio administrativo de San Caetano e, visto o panorama actual, demandamos un **centro de día** para persoas maiores dependentes.

⇒ Solución aos **problemas de mobilidade** no entorno de San Caetano e outros centros de traballo con alta demanda de prazas de **aparcamento**.

⇒ **Salas-comedor** onde o persoal poida quentar a comida pois cada vez a xente cos novos horarios flexibles fai o xantar no traballo. Non é unha quimera, xa as hai en San Lázaro.

⇒ **Transparencia:** publicación das actas e convocatorias da Xunta de Persoal para fomentar a participación do persoal no funcionamento do órgano.



Defendemos os nosos dereitos en todos os lugares onde hai que defendelos

O 11 DE ABRIL VOTA!!



Coa todo o persoal funcionario importa

- | | | |
|-----------------------------------|---|---|
| 1.– Toño Fernández (Cultura) | 16.– M. Jesús D. Lorenzana (VP) | 31.– X. Manuel Cornes (Industria) |
| 2.– Ana Prieto (Mar) | 17.– Xoan M. G. Moure (Mar) | 32.– María Miramontes (VP) |
| 3.– X. M. Magariños (Sanidade) | 18.– Mariña Conde (AMTEGA) | 33.– Federico Pinal (AMTEGA) |
| 4.– Anxo Anta (Pol. Ling.) | 19.– Xoan M. Fdez. Bello (Industria) | 34.– J. David González (VP) |
| 5.– Pilar de Celis (Medio Rural) | 20.– Carme Vidal (VP) | 35.– Pilar Alonso (Rexistro Xeral) |
| 6.– Ana Buján (Cultura) | 21.– Lorenzo Romero (Cultura) | 36.– Xabier Salvado (AMTEGA) |
| 7.– Fulgencio Fenández (PR) | 22.– M. Isabel Vila (Turismo) | 37.– X.M. Méndez (Cultura) |
| 8.– Mónica Leis (Medio Amb.) | 23.– Xesús Tarrío (Política Social) | 38.– Alfonso Mosquera (Economía) |
| 9.– X. Ramón Vázquez (Pol. Ling.) | 24.– X. Xabier Collazo (Sanidade) | 39.– M ^a Isable del Río (IGVS) |
| 10.– Antonio Lojo (Sanidade) | 25.– M ^a Precado (Consello RRLL) | 40.– Josefa Pérez (VP) |
| 11.– J.L. Ventoso (Gardacostas) | 26.– Paco Queija (Medio Rural) | 41.– Roberto Antelo (Facenda) |
| 12.– Manuel G. Tejada (Industria) | 27.– M ^a Nogueira (IGVS) | 42.– Roberto Díaz (Medio Rural) |
| 13.– Pilar Doniz (Turismo) | 28.– Susana Fernández (Cultura) | 43.– Rubén D. Álvarez (Cultura) |
| 14.– Ramón Carballeira (Emprego) | 29.– Alexandre P. Queiro (APLU) | 44.– Antonio Chenlo (Mar) |
| 15.– Fernando Chao (Facenda) | 30.– Susana Caamaño (Emprego) | 45.– Lorenzo Varela (AGADIC) |
| | | 46.– Ana G. Cao (Política Social) |

VOTA Á CIG, O VOTO QUE VALE

